

## **RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

Por Decreto de Alcaldía de 12 de marzo de 2019 resólvese aprobar oferta de emprego dunha praza de persoal laboral temporal previsto na plantilla de persoal laboral temporal do orzamento prorrogado do exercicio 2018 para tarefas de auxiliar de biblioteca toda vez a inexistencia de persoal para atender un servizo que estímase esencial. No mesmo acto apróbase a correspondente oferta de emprego, precisándose nas bases da convocatoria que só poderán optar os candidatos/as que previamente remita ao Concello o Servizo Galego de Emprego.

Visto o Informe da Secretaria-Interventora de data 26 de marzo de 2019.

Conforme o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

I) Avogar a competencia previamente delegada na Xunta de Goberno Local sobre este asunto.

II) DEIXAR sen efecto a convocatoria e proceso de contratación laboral temporal actualmente en trámite para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, e que foi aprobada por acordo de 12 de marzo de 2019 para a contratación de persoal laboral temporal para tarefas de auxiliar de biblioteca; e conseguintemente tamén o acto de celebración das probas programado vindeiro 28 de marzo de 2019 as 09:30 horas e 20:30 horas, na Casa do Concello.

III) PROCEDER a elaboración de nova convocatoria para a cobertura do posto no que se suprima, coma condición de acceso a mesma, a acreditación de inscrición dos aspirantes no Servizo Público de Emprego de Galicia, a fin de garantir a libre concorrencia.

Fronte a presente resolución poderán interpoñer os interesados recurso potestativo de reposición a formular fronte a esta Administración no prazo dun mes a partir da súa notificación ou, alternativamente, recurso contencioso-administrativo a formular fronte ó Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses, contados do mesmo xeito.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**